a d e h m o	<ul style="list-style-type: none"> B4.14. Coñecemento das características relevantes (históricas, socioculturais...) da lingua galega e identificación e valoración desta lingua dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.8. Coñecer as características relevantes da lingua galega e identificar e valorar esta lingua dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.8.1. Identifica as características relevantes (históricas, socioculturais...) da lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCE C 	1º 2º 3º	0,83 %	0,41 5%
			<ul style="list-style-type: none"> LGB4.8.2. Identifica e valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CCE C 	1º 2º 3º	0,83 %	0,41 5%
a b d e m o	<ul style="list-style-type: none"> B4.15. Comparación entre aspectos das linguas que o alumnado coñece e/ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos e recoñecer as interferencias. 	<ul style="list-style-type: none"> B4.9. Establecer relacións entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.9.1. Recoñece e evita as interferencias entre as linguas que está a aprender. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCE C 	1º 2º 3º	0,83 %	0,41 5%
			<ul style="list-style-type: none"> LGB4.9.2. Identifica diferenzas, regularidades e semellanzas sintácticas, ortográficas, morfolóxicas e léxicas entre todas as linguas que coñece e/ou está a aprender, como punto de apoio para a súa aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CCE C CAA CSI EE 	1º 2º 3º	0,83 %	0,41 5%
BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA							

O B X	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compe tencias clave			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega (refráns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, cancións, ditos, romances, cantigas) e da literatura galega en xeral. ▪ B5.2. Valoración e aprecio do texto literario galego (oral ou non) como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.1.1. escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refráns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, cancións, ditos, romances, cantigas) e da literatura galega en xeral. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCE C 	1º 2º 3º	0,83 %	0,41 5%
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.1.2. Valora os textos da literatura galega (oral ou non) como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCE C 	1º 2º 3º	0,83 %	0,41 5%
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Lectura persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses (conto, cómic, novela). ▪ B5.4. Lectura guiada de textos da literatura infantil, adaptacións de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Ler textos e obras en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.2.1. Le en silencio obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCE C ▪ CD 	1º 2º 3º	0,83 %	0,41 5%
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.2.2. Le en voz alta obras e textos en galego da literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual, adaptadas á idade e en diferentes soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCE C ▪ CD 	1º 2º 3º	0,83 %	0,41 5%
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Lectura comentada de poemas, de relatos e de obras teatrais tendo en conta as convencións literarias (xéneros, figuras) e a presenza de certos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.3. Analizar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.3.1. Recoñece as características fundamentais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCE C 	1º 2º 3º	0,83 %	0,41 5%

O B X	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compe tencias clave			
	temas e motivos repetitivos e tópicos.	temas recorrentes.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.3.2. Distingue algúns recursos retóricos e métricos propios dos poemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	1º 2º 3º	0,83 %	0,41 5%
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.3.3. Identifica e emprega algunhas figuras literarias: comparacións, metáforas, personificacións, hipérbolos e xogos de palabras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCE C ▪ CAA 	1º 2º 3º	0,83 %	0,41 5%
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.3.4. Identifica temas e tópicos recorrentes na literatura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCE C 	1º 2º 3º	0,83 %	0,41 5%
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Recreación e composición de poemas e relatos para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas, recoñecendo as características dalgúns modelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos dados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCE C ▪ CSC 	1º 2º 3º	0,83 %	0,41 5%
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ d ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios diversos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.5. Participar activamente en dramatizacións de textos literarios diversos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de textos literarios diversos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL 	1º 2º 3º	0,83 %	0,41 5%
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.8. Valoración da literatura en calquera lingua (maioritaria, minoritaria ou minorizada), como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.6. Valorar a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.6.1. Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CSC ▪ CCE C 	1º 2º 3º	0,83 %	0,41 5%

O B X	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compe tencias clave			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ d ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.9. Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas. ▪ B5.10. Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.7. Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.7.1. Compara imaxes, símbolos e mitos sinxelos doutras culturas cos da cultura galega, amosando interese e respecto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCE C 	1º 2º 3º	0,83 %	0,41 5%
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.7.2. Amosa curiosidade por coñecer outros costumes e formas de relación social, respectando e valorando a diversidade cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCE C 	1º 2º 3º	0,83 %	0,41 5%

4.2. INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN COMÚNS A TODAS AS ÁREAS

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
Observación directa. Avaliación de contidos, probas correspondentes ás unidades. Avaliación para competencias, probas correspondentes ás unidades. Outros documentos gráficos ou textuais. Debates e intervencións. Proxectos persoais ou de grupo. Representacións e dramatizacións.	Observación directa do traballo diario. Análise e valoración de tarefas especialmente creadas para a avaliación. Valoración cuantitativa do progreso individual (cualificacións). Valoración cualitativa do progreso individual (anotacións e puntualizacións). Valoración cuantitativa progreso colectivo. Valoración cualitativa do progreso colectivo.

5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

PRINCIPIOS XERAIS

1. A finalidade da educación primaria é facilitarles aos alumnos e ás alumnas as aprendizaxes da expresión e da comprensión oral, a lectura, a escritura, o cálculo, a adquisición de nocións básicas da cultura, os hábitos de convivencia, de estudo e de traballo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade, co fin de garantir unha formación integral que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade e de preparalos/as para cursar con aproveitamento a educación secundaria obrigatoria.
2. A acción educativa procurará a integración das experiencias e aprendizaxes do alumnado e adaptarse aos seus ritmos de traballo.
3. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.
4. Os centro docente desenvolverá as medidas de atención á diversidade establecidas pola consellería, adaptándoas ás características do alumnado e á súa realidade educativa, co fin de atender a todo o alumnado. Así mesmo, se arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos/as e promovan o traballo en equipo.
5. Desde o centro se promoverán compromisos coas familias e cos propios alumnos e alumnas nos que se especifiquen as actividades que uns e outros se comprometen a desenvolver para facilitar o progreso educativo.
6. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballarase en todas as materias.
7. Se fomentará a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non-discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares e outras medidas de atención á diversidade.

8. Se promoverá o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

1. Nesta etapa poñeráse especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

2. A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

3. A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

4. A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a trinta minutos.

5. A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

6. Prestaráselle especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

7. Os mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

8. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Libros de texto.
- Cadernos de traballo.
- Materiais didácticos tanto comercializados como de elaboración propia.
- Fichas de reforzo e apoio.
- Fichas de avaliación.
- Ordenador e encerado dixital.
- Biblioteca de aula e de centro.
- Recursos didácticos na rede.
- Dicionarios.
- Mapas.
- Murais.

- Material manipulable experimental propio de cada área.

7. AVALIACIÓN

O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliábeles. No deseño das situacións de aprendizaxe tomaranse en consideración todos os elementos do currículo, entre eles os procedementos e instrumentos de avaliación, así como os criterios de cualificación que permitan avaliar tanto os resultados de área como o nivel de competencias alcanzado polos alumnos e as alumnas.

Contamos cos seguintes procedementos de avaliación:

- Procedementos de avaliación inicial: a avaliación inicial levarase a cabo no mes de setembro. Será realizada a través da observación e de diferentes actividades de ensino / aprendizaxe que permitan observar e comprobar tanto o desenvolvemento de contidos como de competencias en todo o alumnado. As actividades poderán ser tanto escritas, como manipulativas ou orais. Dita avaliación inicial permitirá deseñar a programación de aula, partir do nivel do alumnado e adaptar o proceso ás necesidades individuais de cada alumno/a. Os aspectos relevantes serán rexistrados por escrito e informarase as familias
- Procedementos de avaliación continua: a avaliación continua será inherente á propia práctica docente. As propias actividades de ensino / aprendizaxe permitirán ir regulando o proceso, xestionando erros e afianzando éxitos. Utilizaremos diferentes instrumentos de avaliación, tales como probas escritas, demostracións prácticas, ... En cada tarefa integrada ou proxecto avaliaremos os seus correspondentes estándares establecendo diferentes niveis de desempeño para cada alumno/a.
- Procedementos da avaliación final: a avaliación final ou sumativa virá dada polo perfil de área ou competencia, así como pola correspondente ponderación dos estándares.

Na materia de ciencias naturais e ciencias sociais, a avaliación será final por cada unha das unidades didácticas, e para a nota final se realizará unha media de todas elas.

7.1. MÍNIMOS ESIXIBLES

CIENCIAS DA NATUREZA

- Coñecer para que serve a función de relación e saber como ocorre.
- Diferenciar entre movementos voluntarios e reflexos e saber como se realizan.
- Coñecer para que serven as funcións de nutrición, reprodución e relación.
- Saber como funcionan os aparellos que interveñen nas funcións de nutrición, reprodución e relación.
- Identificar os sentidos e os seus órganos, así como coñecer as partes principais destes, a información que recolle cada sentido e os hábitos saudables para coidalos.
- Saber como son as neurona e o tecido nervioso.
- Saber en que consiste a función de nutrición, en que pasos se realiza e cales son os principais nutrientes.
- Coñecer as etapas do proceso dixestivo.
- Saber en que consiste a respiración, como se realiza o intercambio de gases e

identificar os órganos que se encargan dela. Tamén diferenciar os movementos respiratorios.

- Saber como coidar a saúde dos aparellos dixestivos e respiratorio.
- Coñecer os principais compoñentes do sangue e comprender como é o corazón.
- Saber como se produce a circulación do sangue e diferenciar a circulación pulmonar e a circulación xeral.
- Coñecer os órganos do aparello excretor e saber como se producen a urina e a suor.
- Saber como coidar a saúde do aparello excretor.
- Diferenciar os caracteres sexuais primarios e secundarios.
- Identificar os órganos do aparello reprodutor feminino e masculino.
- Coñecer as características das células sexuais.
- Saber como se produce a fecundación.
- Saber como cambio o corpo da muller e o feto durante o embarazo.
- Coñecer o proceso do parto.
- Saber como coidar a saúde do aparello reprodutor.
- Aprender que todos os seres vivos están formados por células, unha ou moitas.
- Coñecer as partes da célula e diferenciar células animais e vexetais.
- Coñecer os diferentes niveis en que se organiza un organismo pluricelular.
- Coñecer os diferentes tecidos animais e vexetais e as funcións que realizan.
- Coñecer o nome dos cinco reinos en que se clasifican os seres vivos e recoñecer as características comúns dos que pertencen ao mesmo reino.
- Coñecer as características xerais dos vertebrados e invertebrados.
- Identificar os diferentes grupos en que se clasifican os animais.
- Identificar os dous principais grupos de plantas.
- Coñecer as características máis importantes dos grupos de plantas.
- Coñecer o reino dos fungos e as súas principais características.
- Coñecer as características do reino dos protistas.
- Diferenciar entre protozoos e algas.
- Coñecer as características das bacterias.
- Identificar os virus e as enfermidades que poden causar.
- Coñecer que todos os obxectos que nos rodean están feitos de materia.
- Saber cales son as propiedades xerais e as características da materia.
- Aprender o que é a enerxía e cales son as súas formas e fontes.
- Distinguir as principais formas de enerxía e coñecer os seus usos.
- Diferenciar substancias puras e mesturas.
- Identificar distintos tipos de mesturas e coñecer métodos de separación.
- Saber que a calor produce cambios de estado e cambios de volume na materia.
- Coñecer os diferentes cambios de estado.
- Coñecer as reaccións químicas e os seus tipos.
- Saber que os corpos teñen cargas eléctricas e que hai dous tipos destas.
- Saber en que consiste o magnetismo e que tipo de forzas magnéticas hai.
- Coñecer a relación entre o magnetismo terrestre e o compás.
- Aprender o que é a corrente eléctrica e cales son os seus efectos.
- Comprender a diferenza entre materiais illantes e os condutores.
- Coñecer os principais compoñentes dun circuito eléctrico, os diferentes tipos de xeradores eléctricos e a súas aplicacións.
- Saber como se produce e se distribúe a electricidade.
- Aprender o que é unha rede eléctrica.

CIENCIAS SOCIAIS

- Coñecer e usar con propiedade o vocabulario propio da materia.
- Comprender que o universo está formado polo conxunto de todos os astros e o espazo que hai entre eles.
- Coñecer o Sistema Solar, identificando os diferentes astros que o forman e as súas características. Comprender e explicar o movemento de rotación e translación da Terra.
- Recoñecer os movementos e as fases da Lúa.
- Saber o que son as eclipses e as mareas.
- Describir as diferentes formas de representar a Terra e diferenciar entre os distintos

tipos de mapas.

- Saber que é a escala e diferenciar escalas gráficas e numéricas.
- Identificar os elementos dos mapas.
- Lembrar os puntos cardinais e como localizalos.
- Coñecer a rosa dos ventos.
- Describir o sistema de paralelos e meridianos.
- Aprender como se determinan as coordenadas xeográficas dun punto.
- Coñecer o sistema mundial de fusos horarios.
- Identificar o fuso de referencia.
- Definir os principais conceptos relacionados co estudo da poboación.
- Recoñecer a importancia dos mapas ao longo da historia a través dun caso concreto.
- Localizar Europa na Terra.
- Recoñecer o relevo de Europa.
- Coñecer as características das costas europeas.
- Localizar España dentro de Europa e recoñecer os límites da península.
- Identificar as principais unidades de relevo de España.
- Identificar os territorios insulares de España e o nome das súas illas.
- Identificar as distintas costas españolas.
- Calcular distancias coa escala dun mapa.
- Identificar as características xerais dos ríos europeos de cada vertente.
- Coñecer cales son as vertentes hidrográficas de Europa.
- Identificar nun mapa as cinco vertentes europeas.
- Coñecer en que zonas climáticas se sitúa o territorio europeo.
- Diferenciar os tres tipos de climas temperados de Europa.
- Identificar a vexetación propia de cada tipo de clima.
- Recoñecer as características xerais dos ríos de España.
- Recoñecer as vertentes hidrográficas españolas.
- Diferenciar entre conca hidrográfica e vertente.
- Identificar e localizar nun mapa os catro tipos de clima que existen en España e coñecer as súas características.
- Saber o que é a actividade económica e coñecer os seus elementos: produción, distribución e consumo.
- Saber o que é unha empresa e recoñecer os recursos e organización que necesita para o seu funcionamento.
- Diferenciar os distintos tipos de empresa.
- Saber o que é a publicidade, recoñecer os seus obxectivos e identificar as principais estratexias publicitarias.
- Identificar os elementos da mensaxe publicitaria.
- Promover o sentido crítico ante a publicidade.
- Saber o que é o diñeiro e identificar as formas en que se presenta.
- Diferenciar entre aforro e investimento.
- Identificar as características da poboación europea e española.
- Coñecer a densidade de poboación e a distribución da poboación en Europa e en España.
- Aprender cales son os movementos migratorios en Europa e en España e os efectos que provocan.
- Coñecer as actividades do sector primario en Europa e en España e a porcentaxe de persoas que traballan nel.
- Distinguir as grandes zonas europeas dedicadas á agricultura e descubrir os cultivos que se practican.
- Recoñecer o importante papel da gandería en Europa e en España e coñecer as súas características.
- Coñecer os principais caladoiros pesqueiros europeos e os principais países pesqueiros de Europa.
- Coñecer as actividades que comprende o sector secundario en Europa e en España e a porcentaxe de persoas que traballan nel.
- Diferenciar os tres tipos de industria que existen en Europa segundo os produtos que se obteñen de cada unha delas.
- Recoñecer as características da industria en España, o emprego que xera e os principais produtos que se fabrican.

- Identificar as principais rexións industriais en Europa e en España.
- Coñecer as actividades que comprende o sector terciario en Europa e en España.
- Distinguir entre comercio interior e exterior e entre exportación e importación.
- Recoñecer a importancia para as sociedades das actividades do sector terciario.
- Identificar tipos de transporte.
- Diferenciar os tipos de turismo e as súas características.
- Identificar que é o medio ambiente e que elementos o integran.
- Recoñecer a acción antrópica sobre o medio.
- Aprender que é o desenvolvemento sustentable.
- Coñecer os principais problemas que afectan ao medio ambiente.
- Saber o que é e cales son as causas do cambio climático.
- Saber o que é o Protocolo de Quioto.
- Tomar conciencia da necesidade de conservar o medio ambiente.
- Coñecer as unidades de tempo máis utilizadas para o estudo da historia.
- Ordenar o tempo histórico en liñas de tempo.
- Definir unha fonte histórica e diferenciar os tipos que hai.
- Coñecer cando comezou cada unha das etapas en que se divide a historia.
- Identificar o feito que dá comezo a Idade Contemporánea en España.
- Coñecer as circunstancias en que se elaborou e promulgou a Constitución de Cádiz.
- Coñecer os trazos máis destacados do reinado de Fernando VII.
- Coñecer as peculiaridades do reinado de Isabel II.
- Distinguir os bandos enfrontados na primeira guerra carlista.
- Identificar as formas de goberno que houbo en España tras a revolución de 1868.
- Recoñecer as características principais da restauración.
- Coñecer a cronoloxía da revolución industrial.
- Recoñecer os avances relacionados coa revolución industrial.
- Diferenciar a sociedade do século XIX da sociedade estamental identificando as clases sociais da época.
- Entender o que son os sindicatos.
- Identificar os principais estilos artísticos do século XIX.
- Saber o que é a xeración do 98, quen a formou e como xurdiu.
- Coñecer os grandes inventos do século XIX.
- Identificar os feitos máis importantes que se produciron durante o reinado de Afonso XIII.
- Coñecer os acontecementos que se produciron ao final do sistema da Restauración.
- Aprender os principais acontecementos da ditadura militar de Primo de Rivera.
- Saber por que se proclamou a Segunda República e coñecer o sistema de goberno en que se baseaba.
- Coñecer as reformas aprobadas durante a Segunda República.
- Explicar como se produciu a guerra civil e recoñecer as consecuencias dela para a sociedade española.
- Analizar os trazos e identificar as etapas en que se divide o franquismo.
- Aprender cando se produciu e que comportou para España o final do franquismo.
- Coñecer que foi a transición española e situala cronoloxicamente.
- Saber como se organizou España a partir da Constitución de 1978.
- Valorar o sistema democrático.
- Identificar as características da arte e da cultura do século XX.
- Identificar a organización política e territorial do Estado Español.
- Recoñecer a Constitución como lei fundamental da que emanan outras leis.
- Coñecer os principais feitos no proceso de constitución da UE e valorar os seus logros nos aspectos político, económico e social.
- Identificar os países que integran a UE forman a eurozona.
- Coñecer o proceso de incorporación de España a UE e distinguir as consecuencias positivas e negativas.

- Ler, escribir, descompoñer, comparar e ordenar números naturais de ata nove cifras.
- Aproximar números naturais a distintas ordes e utilizar as aproximacións de números naturais en situacións reais.
- Calcular operacións combinadas, respectando a xerarquía das operacións.
- Coñecer o sistema de numeración romano e as regras para escribir números romanos.
- Coñecer os números ordinais.
- Recoñecer e realizar sumas, restas, multiplicacións e divisións.
- Resolver problemas e situacións, de suma, resta, multiplicación e división da vida cotián.
- Recoñecer números expresados en forma de potencia.
- Coñecer as potencias de base 10 e a expresión polinómica dun número.
- Calcular raíces cadradas.
- Interpretar gráficos lineais de dúas características e relacionalos con outros gráficos e táboas.
- Recoñecer e comparar números enteiros e utilízalos en contextos reais.
- Identificar coordenadas de puntos representados en eixes cartesianos.
- Recoñecer múltiplos e divisores dun número dado.
- Coñecer os criterios de divisibilidade.
- Calcular mcm e mcd de dous ou máis números.
- Resolver problemas moi sinxelos de mcm e mcd.
- Recoñecer, representar, ler, escribir, comparar, suma, restar, multiplicar e dividir fraccións.
- Recoñecer e obter fraccións equivalentes.
- Calcular a fracción dun número.
- Ler, escribir, descompoñer e realizar operacións con números decimais.
- Comparar números decimais.
- Comparar, ordenar e operar con fraccións decimais, relacionándoas cos números decimais correspondentes.
- Recoñecer, ler e escribir porcentaxes e asocialos coas fraccións de denominador 100 e os números decimais.
- Solucionar problemas con distintas operacións e números decimais.
- Aproximar números decimais ás décimas, centésimas e milésimas.
- Recoñecer situacións reais nas que aparecen números decimais.
- Recoñecer situacións reais nas que aparecen porcentaxes.
- Diferenciar series de números proporcionais e elaborar táboas de proporcionalidade.
- Resolver problemas de porcentaxes.
- Aplicar escalas numéricas e gráficas en situacións cotiás.
- Coñecer e utilizar as unidades naturais de medida (palmo, pé, paso), e as de lonxitude, capacidade e masa e realizar estimacións e resolver problemas de medidas de lonxitude, tempo, capacidade e masa relacionadas con situacións da vida cotiá.
- Utilizar as equivalencias entre unidades de lonxitude, capacidade e masa.
- Recoñecer o metro cadrado e os seus submúltiplos e as súas abreviaturas.
- Resolver problemas nos que hai que aplicar as relacións entre unidades de superficie.
- Ler e representar as horas en reloxos analóxicos e dixitais e resolver problemas reais onde aparezan as horas
- Identificar, nomear, clasificar e trazar as liñas e figuras fundamentais.
- Recoñecer, clasificar e medir ángulos.
- Recoñecer as unidades de medida de ángulos: grao, minuto e segundo, e as súas representacións.
- Coñecer e aplicar as equivalencias entre as unidades de medida de ángulos (sistema sesaxesimal).
- Recoñecer situacións reais onde aparecen volumes.
- Calcular o volume de distintos corpos.
- Utilizar a equivalencia entre o metro cúbico e os seus múltiplos.
- Relacionar unidades de volume e capacidade e resolver problemas cotiáns relacionados.
- Calcular a área de figuras planas.
- Recoñecer os corpos xeométricos máis importante e os seus elementos.
- Calcular áreas de prismas e pirámides e de corpos redondos.
- Calcular volumes de prismas e pirámides e de corpos redondos.

- Diferenciar entre variables estatísticas cuantitativas e cualitativas.
- Coñecer a frecuencia absoluta e a frecuencia relativa.
- Calcular la media aritmética de varios datos numéricos.
- Determinar a moda ou modas dun conxunto de datos.
- Determinar a mediana dun conxunto de datos.
- Calcular o rango dun conxunto de datos.
- Recoñecer cando un suceso é máis ou menos probable que outro e ordenar sucesos segundo a súa probabilidade.
- Calcular probabilidade de sucesos.
- Buscar, interpretar e rexistrar datos numéricos para elaborar táboas e gráficos.
- Presentar de forma clara, limpa e ordenada os cálculos, tamén os trazados de figuras xeométricas.

LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA

- Coñecer e utilizar o vocabulario básico do nivel na expresión escrita e oral.
- Recoñecer as unidades básicas da lingua e as principais clases de palabras (substantivos, artigos, adxectivos, pronomes persoais, determinantes, verbos...).
- Coñecer e utilizar correctamente as normas ortográficas propias do nivel.
- Desenvolver habilidades de comprensión lectora.
- Interpretar e utilizar a linguaxe non verbal.
- Localizar información en diferentes fontes: dicionarios, libros, enciclopedias,...
- Identificar os elementos rítmicos dun poema e empregar a rima consonante e asonante en pequenos poemas.
- Ler con fluidez, ritmo e entoación axeitados.
- Participar en situacións comunicativas da aula tomando en consideración os hábitos e as regras que rexen estas situacións.
- Comprender textos orais de uso habitual procedentes de diferentes soportes, identificando a información máis relevante. Usar estratexias elementais para comprender as mensaxes que se escoitan, atendendo a sinais relevantes coma o ton de voz ou os xestos e formulando preguntas sobre o que non se comprende ben.
- Expresar oralmente vivencias, feitos, sentimentos ou emocións, e comunicar mensaxes de xeito organizado.
- Coñecer e reproducir textos de literatura oral, especialmente a popular.
- Localizar información concreta e realizar inferencias directas na lectura de textos.
- Producir e reescribir textos diferentes e diversos con variados obxectivos comunicativos, seguindo modelos e observando estratexias de planificación, textualización (coidando as normas ortográficas elementais e os aspectos básicos da organización textual) e revisión de escritos. Iniciar o uso do procesador de texto para composicións sinxelas.
- Ler textos diversos dos traballados e creados na aula, con descodificación e entoación axeitada, coa finalidade de gozar e/ou aprender coa escoita lectora.
- Amosar iniciativa e interese pola lectura.
- Valorar a lectura como fonte de diversión.
- Presentar os seus traballos cunha caligrafía clara e limpa.

* Ademais en lingua galega considerárase como mínimos:

- Emprego oral da lingua galega en situacións de comunicación habituais e cotiáns dentro da aula.
- Identificar mudanzas que se producen nas palabras, enunciados e textos facendo substitucións, supresións, cambios de orde e observar as modificacións que se poden dar na comprensión e na expresión escrita.
- Memorizar e reproducir textos orais propios da literatura galega.
- Coñecer textos da literatura infantil galega (poesía, contos, cómics, ...) adecuados ao nivel, coa finalidade de gozar da lectura.
- Comparar textos orais e escritos producidos en diferentes variedades da lingua galega.
- Valorar a lingua galega e os recursos literarios da tradición oral.

PLÁSTICA

- Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética e a creación artísticas para promover a percepción e a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.
- Participar activamente en producións artísticas de forma cooperativa e de forma individual.
- Interese pola manipulación e pola exploración de materiais e de técnicas diversas.

VALORES CÍVICOS E SOCIAIS

- Traballar en equipo valorando o esforzo individual e colectivo.
- Expresar as súas opinións, sentimentos e emocións.
- Participar na resolución de conflitos.
- escoitar e respectar as opinións dos/as compañeiros/as, aceptando as diferenzas individuais.
- Respecta as regras nos xogos e no traballo en equipo.
- Respecta as normas da aula e do colexio.
- Colabora nas diferentes actividades que se propoñan dende a aula ou o colexio.

7.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

Cráterios

1. Traballo autónomo (aula e outros espazos).	• Realización sen axuda externa. • Estimación do tempo empregado para resolver unha actividade. • Grao de adquisición de aprendizaxes básicas. • Orde e limpeza na presentación. • Caligrafía. • Destrezas. • Revisión do traballo antes de dalo por finalizado. • Valoración entre o traballo da clase e o da casa. • Creatividade.
10%	
2. Probas orais e escritas.	• Valoración da aprendizaxe dos contidos. • Valoración dos procesos seguidos e dos resultados. • Expresión oral do procedemento seguido ao resolver unha actividade. Coherencia e adecuación. • Valoración do tempo empregado/tempo necesario para resolver unha actividade. • Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado. • Caligrafía lexible. • Tempo de realización. • Destrezas.
50%	
3. Actividades TIC.	• Uso adecuado e guiado do ordenador e dalgũa ferramenta telemática. • Utilización de Internet, de forma responsable e con axuda, para buscar información sinxela ou resolver unha actividade. • Tipo de participación (autónoma, con apoio ou ningunha). • Grao de elaboración da resposta. • Interese, motivación.
10%	
4. Participación e seguimento das clases (intervencións orais, tipo de respostas...).	• Nivel e calidade das intervencións. • Mensaxe estruturada. • Uso de vocabulario apropiado. • Comportamento. • Esfuerzo. • Interese.
10%	
5. Traballo cooperativo. Valoración individual e en grupo.	• Capacidade de traballo cooperativo. • Grao de comunicación cos compañeiros e compañeiras. • Resolución de conflitos. • Interese, motivación. • Creatividade. • Iniciativa. • Opinión persoal do traballo e de como se fixo.
10%	
6. <i>Dossier</i> de traballo individual.	• Presentación clara e ordenada. • Actualizado. • Razoamento da selección das producións que forman o <i>dossier</i> .
10%	

7.3. CRITERIOS DE PROMOCIÓN DOS ALUMNOS/AS.

O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos que correspondan ao curso realizado ou os obxectivos da etapa, e que

alcanzou o grao de adquisición das competencias correspondentes. De non ser así, poderá repetir unha soa vez durante a etapa, cun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio, que será organizado polos centros docentes de acordo co que estableza a consellería competente en materia educativa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

O equipo docente adoptará as decisións correspondentes sobre a promoción do alumnado tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

Atenderase especialmente aos resultados das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria.

O claustro deste dentro, con carácter xeral, establece as seguintes normas na promoción ou non promoción entre os distintos cursos.

Promoción de curso:

- **Promocionará** aquel alumno/a que obteña cando menos a cualificación de SUFICIENTE en todas as áreas.
- **Promocionará** o/a alumno/a que, aínda que non obteña a cualificación de SUFICIENTE en todas as áreas xa repetise ao longo da etapa.
- **Non promocionará** o/a alumno/a que teña a cualificación de INSUFICIENTE en dúas áreas si estas son as das linguas (galego e castelán) ou ben unha área das citadas de lingua e a de matemáticas. E ó mesmo tempo teña un desenvolvemento das competencias clave e un grao de madurez tal, que dificulten gravemente o seu traballo no seguinte nivel.
- **O alumno con NEE será avaliado tendo en conta a súa adaptación curricular significativa**, é dicir, tomaranse como referencia para a súa promoción os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe fixados nas respectivas adaptacións.

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO	
INDICADORES DE LOGRO	ESCALA

	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3. Conseguiuse a motivación do alumnado?				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5. Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				
7. Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?				
8. Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12. Valorouse adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo?				

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE				
INDICADORES DE LOGRO	ESCALA			
	1	2	3	4
1. Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?				
2. Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para o alumnado con NEAE?				
3. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas?				
4. Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5. Poténcianse estratexias de animación á lectura, de comprensión e de expresión oral?				
6. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino / aprendizaxe?				
7. Préstase atención aos temas transversais?				
8. Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
9. As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares?				
10. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación, ...?				

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.

No marco do Decreto 229/2011, enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en:

1. Medidas ordinarias de atención á diversidade. Son todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas. Algunhas destas medidas a desenvolver serían:
 - a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
 - b) Adecuación das programacións didácticas ao alumnado. En todo momento teranse en conta as características, motivacións e intereses do alumnado para deseñar as diferentes tarefas que permitan desenvolver e acadar os estándares e os criterios de avaliación.
 - c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
 - d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación. A avaliación entenderase como un elemento regulador e potenciador da aprendizaxe. O alumnado con algún tipo de dificultade ou necesidade específica de apoio educativo contarán con todas aquelas adaptacións que sexan precisas e que permitan a compensación de ditas dificultades.
 - e) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. Este tipo de reforzo e apoio será deseñado e implementado contando sempre co asesoramento do D.O.
 - f) Programas de habilidades sociais. Traballarase a xestión de conflitos, a intelixencia emocional e a empatía de forma transversal.
2. Medidas extraordinarias de atención á diversidade. Son todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultar estas insuficientes.

No presente curso escolar, como medidas extraordinarias contemplamos a revisión de dúas ACS e a intervención específica do profesorado de audición e linguaxe e pedagogía terapéutica. Intervención coordinadas polo DO e a xefatura de estudos.

10. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS.

Na reunión de pais/nais por cursos, que se celebrará no mes de setembro procederase a

darles conta da marcha do curso, con normas a seguir e orientacións cara ao estudo dos seus fillos e fillas.

Informaráselles dos criterios de promoción de curso, así como dos obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación das distintas áreas, indicándolles que teñen á súa disposición ditos documentos na secretaría do centro para poder miralos cando lles sexa preciso.

Así mesmo, informaráselles de como será a avaliación trimestral e de onde sairá a nota de cualificación trimestral.

Recordaráselles o horario de atención a pais e a dispoñibilidade dos titores a recibilos en horario distinto ao da titoría, sempre que sexa posible e, por último, pediráselles a súa colaboración e implicación para mellorar a calidade do ensino, coa intención de que se convertan en axentes activos do proceso de ensinanza / aprendizaxe dos seus fillos/as.